



REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/10/2016 12:39:37

ENTRADA 67853/16

AO VALEDORA DO POBO

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2016

Os /as delegados/asabaixo asinantes, en representación da organización sindical CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA DE SAÚDE COMPOSTELA (CIG-SAÚDE COMPOSTELA), con enderezo para notificacións en sección sindical da CIG-Saúde, travesía da choupana s/n, hospital Clínico, 15 706 Santiago de Compostela. A Coruña.

EXPOÑEMOS.

Que como delegados/as de persoal, unha das funcións que temos é a de recibir información, sobre a política de persoal, así como sobre os datos referentes a evolución das retribucións, evolución probable do emprego no ámbito correspondente e programas de mellora de rendemento.

PRIMEIRO. A CIG-Saúde pide o seu amparo e intervención para que se dirixa a Xerencia de Xestión Integrada de Santiago instándoa a que cumpra coa Lei Orgánica de Liberdade Sindical (11/1985), e lexislación vixente sobre as funcións e lexitimación dos delegados/as de persoal e dos órganos de representación dos traballadores/as, e ter acceso a información e documentación necesaria para a nosa laboura sindical.

SEGUNDO. A Xerencia de Santiago publica na intranet (29/10/2015) e Na prensa, Correo Galego (30/10/2015),... información sobre o día mundial do Ictus, onde recolle que como cada ano quere sumarse a este chamamento para dar visibilidade a esta enfermidade e colaborar na divulgación da súa importancia, tratamento, síntoma e factores de risco. Onde recolle o seguinte: "Entre setembro de 2014 a

setembro de 2015 no CHUS atendéronse 809 doentes con ictus...”, “O tratamento do ictus require de persoal especializado e adestrado en ditas habilidades...”

Dende CIG-Saúde, tiñamos dúbidas coa información sobre o persoal que integra a Unidade de Ictus. e como é o noso traballo e entendemos que a lei nos ampara, ao abeiro da Lei Orgánica de Liberdade Sindical, **solicitamos ao Xerente unha relación de cadro de persoal da Unidade de Ictus da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, que recollese: Nome, apelidos e categoría. Posto funcional e vínculo laboral. Tipo de contrato e quenda.** (17/11/2015, nº rexistro 16234).

TERCEIRO. A CIG-Saúde Compostela sorprendenos a noticia de “La Voz de Galicia” (03/10/2016) de ser certa de que o hospital Clínico dispoñerá dunha **nova unidade de ICTUS**. Noticia na que se pode ler, “contara tanto con médicos especialistas, como persoal de enfermaría...”, “un espazo de humanización onde se realiza terapia ocupacional e se atenda tamén aos familiares...”

Por iso, dende CIG-Saúde, entendíamos que debíamos preguntar por que non nos informaron sobre a nova instalación e sobre a súa organización, na Xuntanza da Dirección coas OO.SS (19/10/2016). Cando preguntamos si era verdade a noticia de prensa da nova unidade de Ictus e con que persoal ía contar. A resposta foi, iso dio a prensa é problema voso facerlle caso, sen máis aclaracións sobre o particular.

Por isto, presentamos unha queixa ante esa institución co obxecto de inste a Xerencia de Xestión Integrada de Santiago a que cumpra coa súa obriga de dar a información necesaria aos delegados/as de persoal de CIG-Saúde. Xa que pensamos que non é bo tapar co silencio unha información que de ser certa, por un lado, podería posibilitar unha solución para estabilizar e formar a magníficos profesionais cos que conta o Sergas. Por outra banda, a Xerencia é a responsable de proporcionar os medios preventivos, diagnósticos e terapéuticos, e que doentes e familiares poidan contar cunhas condicións mínimas de confor, o que supón un respecto aos seus dereitos.

Polo tanto, **SOLICITAMOS A VALEDORA DO POBO.**

Que a Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, nos dea por escrito a información solicitada, é dicir, a relación de cadro de persoal que recolla os/as profesionais que formen parte da equipa inter e multidisciplinaria da Unidade de Ictus (nome, apelidos, categoría, posto funcional, vínculo laboral, tipo de contrato, quenda,...).

Como é a súa obriga e recolle a lexislación vixente sobre as función e lexitimación dos/as delegados/as de persoal e dos órganos de representación dos traballadores/as

Esperando a súa resposta. Atentamente.



Xose M. Marcote Baña

Delegado Sindical



Camilo Agulleiro Sambade

Delegado Sindical

Xabier Alvedro Alvarez

Delegado Sindical



Lourdes García Romero

Delegada Sindical



Encarna Brión Tubio


Delegada Sindical



Antonio Ramos Benito

Delegado Sindical





A/A XERENTE X.X.I.S.

Compostela, 17 de novembro de 2015


CIG-Saúde Área Sanitaria de Compostela, con enderezo a efectos de notificación na sección sindical da CIG-Saúde no hospital Clínico. Ao abeiro da L.O.L.S, diríxese a vostede para solicitar unha **relación de cadro de persoal da Unidade de Ictus** da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, que recolla o seguinte:

- Nome, apelidos e categoría.
- Posto funcional e vinculo laboral.
- Tipo de contrato e quenda.

Esperando a súa resposta. Atentamente.

Xosé M. Marcote Baña
Delegado Sindical

Lourdes García Romero
Delegada Sindical



A/A DIRECTOR RR. HH X.X.I.S.

Compostela, 17 de novembro de 2015

CIG-Saúde Área Sanitaria de Compostela, con enderezo a efectos de notificación na sección sindical da CIG-Saúde no hospital Clínico. Ao abeiro da L.O.L.S, dirixese a vostede para solicitar unha **relación de cadro de persoal da Unidade de Ictus** da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, que recolla o seguinte:

- Nome, apelidos e categoría.
- Posto funcional e vinculo laboral.
- Tipo de contrato e quenda.

Esperando a súa resposta. Atentamente.

Xosé M. Marcote Baña
Delegado Sindical

Lourdes García Romero
Delegada Sindical



A/A **XERENTE X.X.I.S.**
DIRECTOR DE RR.HH.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2016

CIG-Saúde Compostela, con enderezo a efectos de notificacións na sección sindical da CIG-Saúde no hospital Clínico, ao abeiro da **Lei Orgánica de Libertade Sindical**, diríxese a vostede para solicitar unha relación de cadro de persoal que recolla os profesionais que formen parte da equipa inter e multidisciplinaria da Unidade de Ictus da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, que recolla o seguinte:

- Nome, apelidos e categoría.
- Posto funcional e vínculo laboral.
- Tipo de contrato e quenda.

Esperando a súa resposta. Atentamente.

Xose M. Marcote Baña
Delegado sindical

Camilo Agulleiro Sambade
Delegado sindical

Xabier Alvedro Alvarez
Delegado sindical